



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.C74-15. Consultas procedemento de contratación da obra “PAVIMENTACION DE CATRO CAMIÑOS MUNICIPAIS: 1. CAMIÑO DE MEIRO A PORTELA, 2.- CAMIÑO DE ACCESO AO CEMITERIO DE ERMELO, 3.- CAMIÑO NA ZONA DE CABALO,4.-CAMIÑO NA ZONA DE SAR DE CELA.” con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación de Pontevedra ( PPOS 2015)

Asto.: Relación anónima de consultas e aclaracións ás mesmas do procedemento de contratación da obra “PAVIMENTACION DE CATRO CAMIÑOS MUNICIPAIS: 1. CAMIÑO DE MEIRO A PORTELA, 2.- CAMIÑO DE ACCESO AO CEMITERIO DE ERMELO, 3.- CAMIÑO NA ZONA DE CABALO,4.-CAMIÑO NA ZONA DE SAR DE CELA.” con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación de Pontevedra ( PPOS 2015)

O presente anuncio contén a **relación anónima de consultas e aclaracións** ás mesmas realizadas polos interesados no procedemento de contratación de referencia en base ao disposto na sétima fila do apartado III.5 do CADRO DE CARACTERÍSTICAS.

**1.- Consulta núm. 01:**

**Formulada con data 1 de decembro de 2015**

**Texto da consulta:**

*“Bos días, pómonos en contacto con vostedes para solicitarlles por favor, que nos indiquen ou nos describan a relación de documentos a presentar e o número de sobres nos que deben ir ditos documentos, para ofertar o contrato menor expte. C74/15.*

*Na documentación colgada na web do concello non aparece ningún prego que o especifique, somentes un anuncio de incoación c.74.15 no que aparecen un modelo de proposición e un modelo de comunicación.*

*Sexan tan amables de facilitarnos (por este mesmo medio) unhas normas de presentación de proposicións para a licitación do contrato menor de “PAVIMENTACION DE CATRO CAMIÑOS MUNICIPAIS: 1. CAMIÑO DE MEIRO A PORTELA; 2. CAMIÑO DE ACCESO AO CEMITERIO DE ERMELO; 3. CAMIÑO NA ZONA DE CABALO; 4. CAMIÑO NA ZONA DE SAR DE CELA” con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación provincial de Pontevedra ( PPOS 2015 EXPEDIENTE: C74/15”*

**Aclaración á consulta núm. 01.:**

O presente contrato se regula mediante o Cadro de características, no que se especifican os principais elementos de contratación da devandita obra.

**No que respecta á documentación que debe conter a proposición:**


De acordo co sinalado na fila terceira “DOCUMENTACIÓN DA PROPOSICIÓN”do apartado III. 4 do CADRO DE CARACTERÍSTICAS , a documentación que debe conter a proposición é: o “Anexo tipo relativo á oferta económica” e o “Modelo de aceptación de forma de comunicación/notificacións”.

Sen prexuízo do anterior, e consonte o sinalado na fila cuarta do apartado III.4 do Cadro de Características “O licitador que concorra en tempo e forma e cuxa proposición sexa declarada a máis vantaxosa deberá aportar, previo requirimento do órgano de contratación, a documentación acreditativa da capacidade e solvencia nos termos que resultan do TRLCSP e normativa de desenvolvemento.”

**En canto á forma de presentación das proposicións:**

O documento que conteña a oferta económica deberá presentarse en sobre pechado. O “Modelo de aceptación de forma de comunicación/notificacións” poderá incluírse neste sobre ou poderá presentarse fóra do mesmo ( grapado ao sobre).

En Bueu, a 1 de decembro de 2015

  
O Alcalde,  
Félix Juncal Novas

